



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 590

VIII legislatura

29 de novembro de 2011

Fascículo 4

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

– Rexeitamento das emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas [08/PL-0036(72619)] [170459](#)

– Rexeitamento das emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012 [08/PL-0035(72536)] [170459](#)

3. Procedementos de control e impulso

3.5. Mocións

3.5.4. Mocións rexeitadas

- 08/MOC-0136(73266)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre a paralización da licitación conxunta de 18 centros de saúde polo sistema PFI, ou iniciativa de financiamento privado, e a elaboración dun plan de infraestruturas prioritarias en atención primaria financiado con fondos públicos (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 63817, publicada no BOPG núm. 453, do 18.04.2011, e debatida na sesión plenaria do 2 de novembro de 2011) [170459](#)

- 08/MOC-0137(73290)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Meijón Couselo, Guillermo Antonio

Sobre a problemática do fracaso e do abandono escolar en Galicia (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 71776, publicada no BOPG núm. 561, do 18.10.2011, e debatida na sesión plenaria do 2 de novembro de 2011) [170459](#)

- 08/MOC-0138(73302)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández López, Miguel Ángel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de políticas activas de emprego (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 71724, publicada no BOPG núm. 558, do 13.10.2011, e debatida na sesión plenaria do 2 de novembro de 2011) [170459](#)

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

3.6.1.3. Proposicións aprobadas

- 08/PNP-1440 (72891)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito, e Branco Parga, Carlos Fernando
Sobre o mantemento polo Goberno galego do Plan de dinamización marisqueira da ría de Ferrol, incluíndo o pagamento ás mariscadoras e aos mariscadores polos traballos de rexeneración e limpeza das rías segundo os parámetros económicos acordados no ano 2007 [170460](#)

- 08/PNP-0939 (56530)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez González, Román, e seis deputados máis
Sobre as liñas estratéxicas básicas para a elaboración dunha Lei galega de universidades [170460](#)

- 08/PNP-1203(64983)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José, e cinco deputados máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos procesos de restauración da legalidade urbanística como consecuencia dunha sentenza xudicial, a aplicación da disci-

plina e inspección urbanística, así como a utilización dos plans e proxectos sectoriais [170461](#)

- 08/PNP-1420(72222)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre as actuacións que debe desenvolver o Goberno galego para preservar o patrimonio artístico de Novacaixagalicia e promover que sexa exposto nalgún dos espazos da Cidade da Cultura [170461](#)

- 08/PNP-1454(73335)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Miranda, Antonio, e catorce deputados máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa construción da Cidade da Xustiza de Vigo [170462](#)

3.6.1.4. Proposicións rexeitadas

- 08/PNP-1325 (68803)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pose Mesura, Modesto, e tres deputados máis
Sobre a adopción de medidas para que se considere como único requisito para ter dereito á asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde a residencia nun municipio de Galicia [170462](#)

3.7. Outras propostas de resolución

3.7.2. Declaracións institucionais

Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 22 de novembro, en recordo das vítimas de violencia viaria [170462](#)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

– **Rexeitamento das emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas [08/PL-0036(72619)]**

O Pleno do Parlamento, na reunión do 22 de novembro de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento emendas totalidade:

- 08/PL-0036(72619)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

BOPG núm. 565, do 24.10.2011

Sométense a votación as emendas á totalidade, de devolución, e resultan rexeitadas por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2011

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

– **Rexeitamento das emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012 [08/PL-0035(72536)]**

O Pleno do Parlamento, na reunión do 22 de novembro de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento emendas totalidade:

- 08/PL-0035(72536)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012

BOPG núm. 563, do 20.10.2011

Sométense a votación as emendas á totalidade de devolución, e resultan rexeitadas por 37 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2011

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

3. Procedementos de control e impulso

3.5. Mocións

3.5.4. Mocións rexeitadas

O Pleno do Parlamento, na reunión do 22 de novembro de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/MOC-0136(73266)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre a paralización da licitación conxunta de 18 centros de saúde polo sistema PFI, ou iniciativa de financiamento privado, e a elaboración dun plan de infraestruturas prioritarias en atención primaria financiado con fondos públicos (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 63817, publicada no BOPG núm. 453, do 18.04.2011, e debatida na sesión plenaria do 2 de novembro de 2011)

BOPG núm. 576, do 09.11.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 37 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 08/MOC-0137(73290)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Meijón Couselo, Guillermo Antonio

Sobre a problemática do fracaso e do abandono escolar en Galicia (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 71776, publicada no BOPG núm. 561, do 18.10.2011, e debatida na sesión plenaria do 2 de novembro de 2011)

BOPG núm. 576, do 09.11.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 37 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 08/MOC-0138(73302)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández López, Miguel Ángel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de políticas activas de emprego (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 71724, publicada no BOPG núm. 558, do 13.10.2011, e debatida na sesión plenaria do 2 de novembro de 2011)

BOPG núm. 576, do 09.11.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 37 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2011

José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.º

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

3.6.1.3. Proposicións aprobadas

O Pleno do Parlamento, na súa sesión do día 22 de novembro de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 08/PNP-1440 (72891)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito, e Branco Parga, Carlos Fernando

Sobre o mantemento polo Goberno galego do Plan de dinamización marisqueira da ría de Ferrol, incluíndo o pagamento ás mariscadoras e aos mariscadores polos traballos de rexeneración e limpeza das rías segundo os parámetros económicos acordados no ano 2007

BOPG núm. 572, do 03.11.2011

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para:

1.- Que revise o Plan de dinamización marisqueira da ría de Ferrol, de xeito que se elabore en conxunto entre administracións e sindicatos unha proposta de modificación que, entre outras, recolla as medidas necesarias que permitan per-

cepcións dignas dos mariscadores e mariscadoras e a viabilidade da actividade ata a recuperación dunha situación microbiolóxica das augas que permita a actividade extractiva normal.

2.- Que lle dea continuidade á planificación do Plan de mellora das infraestruturas de saneamento de augas residuais do contorno da ría de Ferrol na liña da proposta desenvolvida pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, coa axilización e o reforzo das actuacións precisas na zona norte, competencia do Estado, no prazo de tempo máis breve posible e co desenvolvemento das actuacións das que ten competencia a Xunta, zona sur, para que a estación depuradora de augas residuais se remate e entre en servizo antes de finais de 2012.

3.- Que se integren na Mesa do Plan de dinamización marisqueira da ría de Ferrol o Goberno español e outras administracións competentes en materia de saneamento e se inclúa unha proposta de actuación de mellora dos bancos marisqueiros, dragaxes, achegas de area e plan de recuperación que se determinen como convenientes conforme criterios técnicos.»

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2011

José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.º

O Pleno do Parlamento, na súa sesión do día 22 de novembro de 2011, adoptou o seguinte acordo:

Aprobación con modificacións

- 08/PNP-0939 (56530)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez González, Román, e seis deputados máis
Sobre as liñas estratéxicas básicas para a elaboración dunha Lei galega de universidades
BOPG núm. 388, do 13.01.2011

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 62 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que inicie antes de tres meses un proceso de diálogo coas universidades galegas orientado a presentar as liñas estratéxicas básicas para a elaboración dunha Lei galega de universidades e remita ao longo do seguinte período de sesións un proxecto de lei para a súa tramitación parlamentaria.

O futuro proxecto de lei formulará como liñas estratéxicas:

- Racionalizar a oferta docente no tocante á oferta de graos-posgraos e de centros universitarios, de acordo coas demandas existentes en Galicia.
- Fomentar a cooperación e a mobilidade interuniversitaria.
- Mellorar as estruturas administrativas e de gobernanza interna das universidades, especialmente dos consellos sociais.
- Incrementar a conectividade e a transferencia de coñecemento coa sociedade civil e os sectores produtivos.
- Reforzar a función investigadora da universidade e a súa conexión con outros centros tecnolóxicos e investigadores.
- Avanzar cara a unha maior internacionalización das universidades.
- Presentar liñas de acción tendentes a reducir o abandono dos estudantes universitarios.
- Promover e facilitar a igualdade de acceso ao sistema universitario.
- Fixar, a través dos plans de financiamento universitario, os recursos precisos para converxer coas medias estatais e europeas de gasto público en ensino superior en porcentaxes de PIB.
- Definir, partindo dos principios da Lei de ciencia, unha carreira investigadora.»

- 08/PNP-1203(64983)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José, e cinco deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos procesos de restauración da legalidade urbanística como consecuencia dunha sentenza xudicial, a aplicación da disciplina e inspección urbanística, así como a utilización dos plans e proxectos sectoriais
BOPG núm. 473, do 19.05.2011

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 1.- Rexeitado por 36 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

Punto 2.- Rexeitado por 24 votos a favor, 38 votos en contra e 12 abstencións.

Punto 3.- Rexeitado por 35 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

Punto 4.- Aprobado pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Punto 5.- Aprobado pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

– Utilice a disciplina e a inspección urbanística con criterios uniformes e obxectivos.

– Promova unha utilización axeitada dos plans e proxectos sectoriais.»

- 08/PNP-1420(72222)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre as actuacións que debe desenvolver o Goberno galego para preservar o patrimonio artístico de Novacaixagalicia e promover que sexa exposto nalgún dos espazos da Cidade da Cultura
BOPG núm. 567, do 26.10.2011

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 1.- Rexeitado por 36 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

Punto 2.- Aprobado pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que promova que as coleccións de arte que tiñan Caixa Nova e Caixa Galicia sexan postas á disposición do patrimonio público galego a través do comodato, a cesión, a adquisición ou calquera outra figura das previstas na lexislación autonómica de patrimonio, mantendo a colección que está en Vigo, promovendo a súa conservación e acceso ao público, tanto a través das sedes expositivas actuais coma a través de exposicións itinerantes, e destinando un espazo nalgún dos edificios da Cidade da Cultura para difundir e poñer en valor este patrimonio artístico galego.»

- 08/PNP-1454(73335)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Miranda, Antonio, e catorce deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa construción da Cidade da Xustiza de Vigo

BOPG núm. 576, do 09.11.2011

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 50 votos a favor, ningún voto en contra e 24 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

1.- Continúe considerando de máxima prioridade a construción da Cidade de Xustiza en Vigo, mantendo o seu compromiso de efectuar as licitacións correspondentes inmediatamente despois de que o concello poña á disposición da Comunidade Autónoma os terreos.

2.- Elabore de xeito inmediato un protocolo de colaboración co Concello de Vigo que permita desbloquear a situación dos terreos da Cidade da Xustiza para dar inicio á execución das obras no primeiro semestre de 2012.»

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2011

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º

3.6.1.4. Proposicións rexeitadas

O Pleno do Parlamento, na reunión do 22 de novembro de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNP-1325 (68803)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pose Mesura, Modesto, e tres deputados máis

Sobre a adopción de medidas para que se considere como único requisito para ter dereito á asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde a residencia nun municipio de Galicia

BOPG núm. 534, do 08.09.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 36 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2011

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º

3.7. Outras propostas de resolución

3.7.2. Declaracións institucionais

Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 22 de novembro, en recordo das vítimas de violencia viaria

O Pleno do Parlamento, na súa sesión do día 22 de novembro de 2011, adoptou, por asentimento, o seguinte acordo:

Declaración institucional do Parlamento de Galicia en recordo das vítimas de violencia viaria

O texto aprobado é o seguinte:

«A celebración do Día Mundial en Recordo das Vítimas en Accidentes de Tráfico, fixada pola ONU para o terceiro domingo de novembro de cada ano, leva o Parlamento de Galicia a sumarse a esta conmemoración.

Lembramos os afectados pola violencia viaria, trasladámoslles a nosa solidariedade ás súas familias e amosamos o noso apoio ás entidades que traballan neste ámbito.

Durante a última década acadouse unha notable redución no número de sinistros, feridos e falecidos en Europa. Galicia, xunto co resto de España, é un dos territorios con mellores resultados, froito dunha política de seguridade viaria baseada no consenso e na responsabilidade compartida entre as administracións públicas e a sociedade civil, coa complicitade dos medios de comunicación.

Con todo, a cifra de 237 falecidos en accidentes de tráfico en Galicia durante 2010 segue a ser preocupante, posto que estes sinistros son evitables. E o obxectivo segue sendo o de 'cero accidentes'.

O Parlamento de Galicia anima os diferentes gobernos a seguiren outorgando prioridade e a buscaren o consenso político en materia de seguridade viaria, sen esquecer as medidas de concienciación e de educación en valores cívicos, tendo en conta a preponderancia do factor humano na orixe da maior parte dos sinistros viarios.»

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2011

Pilar Rojo Noguera
Presidenta



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727